

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 16/10/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SONIA OUTÓN CASAL

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 16/10/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 09 de outubro de 2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/3619

Vista a proposta da Concellería de Seguridade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por FEUGA (Fundación Empresa Universidad Gallega), para a realización de probas de control de drogas efectuadas en controles de tráfico e sinistros, por un importe total de 4.945,88 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3647

Dáse conta de escritos presentados por CP Rosalía de Castro 101 e D. Manuel Pérez Rey por molestias causadas pola caseta e xerador colocados na praia de Compostela á altura no nº99 da Avda. Rosalía de Castro para o servizo de hostelería por D. Daniel Stan.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que na actualidade non está colocada nin a caseta nin o xerador, que contaban coas correspondentes licenzas ata finais de setembro de 2023.

PRP2023/3648

Dáse conta do escrito presentado por Dona Josefina Martha Curiel Sanchez solicitando a regulación do tráfico no horario de entrada e saída do Colexio Bata Os Mecos, por parte da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que nos horarios solicitados non é posible a regulación de mais cruces de escolares, dado que xa se presta servizo noutros puntos.

PRP2023/3677

Dáse conta do escrito presentado por OC Electricidad y Gas SL solicitando autorización para colocar un cabaleta na porta da oficina sita en Rúa Arzobispo Lago nº26, ocupando una pequena parte de la vía pública.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada por tratarse dunha zona

peonil.

PRP2023/3742

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., para o subministro de tres CPU's HP Pro 400 G9 SFF e oito monitores BenQ BL2480 - BL Series - monitor LED - 23.8" por un importe de 3,451.20 € IVE incluído, con cargo á partida 3321.62600, con destino á Biblioteca Municipal, co fin de substituír os actuais.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

CPU'S:

Equipo: HP Pro 400 G9 SFF

Procesador: Core i5 12500 / 3 GHz.

Memoria principal: 8 GB de RAM.

Memoria secundaria: HD SSD 256 GB.

Sistema operativo: Windows 11 Pro 64 bits.

MONITORES:

BenQ BL2480 - BL Series - monitor LED - 23.8"

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3754

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convalidación do gasto correspondente ás actividades levadas a cabo con motivo do peche do Acto Nacional de Comunicación dos Fondos Europeos en España, o día 22 de setembro de 2023, con cargo á partida 926.2269917, coa seguinte desagregación e adxudicatarios:

- Global Setup SL, produción da gala final na Praza da II República, por un importe de 4.841,82 € (IVE incluído)
- Culturactiva SCG: Gala fin de festa coa cidadanía no Acto anual de Fondos Europeos celebrado o día 22 de setembro: 4.598,00 € (IVE incluído)
- Visual Graphics Imagen y Publicidad: 9 bandeiras mastil Vilagarcía Fondos Europeos 1x4 m: 654,31 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3756

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre D. Francisco Javier Abalo Diz, e D. José Luis López Miguens, en representación da Mercantil Promarsa Arousa SL e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión da seguinte superficie da parcela situada na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño (REf. catastral 9863003NH1196S0001UJ):

- Superficie de 476,35 m² destinada a mellora de vial na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño
- Superficie de 1.751,65 m² destinada a aparcadoiro, cunha duración inicial de tres anos, sendo prorrogable por períodos anuais no caso de que ningunha das partes manifeste a súa vontade de deixar sen efecto o citado convenio.

O Concello de Vilagarcía comprométese a realizar as actuacións que sexan necesarias con máximo respecto á lexislación aplicable. Así mesmo comprométese a incorporar, na revisións do PXOM, os terreos necesarios para a apertura dos viais aos efectos de posibilitar o desenvolvemento da unidade de execución da que forma parte a parcela afectada pola cesión, incluíndo en todo caso o trazado completo do vial xa previsto no vixente PXOM que una a Rúa Aquilino Iglesia Alvariño e a Rúa Marxión, sen prexuízo de que o seu trazado poida non axustarse estrictamente ao que agora mesmo se prevé, subsanando con elo a imprecisión actualmente existente de deixar parte do ancho do vial fora da unidade de execución a cuio cargo se deberá executar.

A edificabilidade correspondente aos terreos afectados pola aliñación cedidos a este Concello a través de este Convenio serán computados no momento do desenvolvemento urbanístico.

A Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2023 acordou aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión dos terreos nas condicións e cos compromisos que figuran no mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do borrador de convenio anterior, engadindo o seguinte parágrafo ao final da cláusula cuarta:

A realización dos compromisos desta cláusula cuarta levaranse a cabo con arreglo ao que determine a lexislación vixente.

PRP2023/3757

Dáse conta de publicación no DOG de 10 de outubro de 2023 de Ordes do 29 de setembro e 2 de outubro de 2023 da Consellería do Mar pola que se dispón os nomeamentos e ceses de vogais no Consello de Administración da Autoridade Portuaria:

- Nomeamento de Dona Ana Granja Guillán como vogal representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Nomeamento de D. Alvaro Melón Martín como vogal representante da Administración Xeral do Estado.
- Nomeamento de D. Diego Calvo Pouso como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cese de Dona Ana Granja Guillán como vogal representante da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cese de Dona Paola María Mochales como vogal representante do Concello de Vilagarcía de Arousa
- Cese de Dona Maria José Neira Alfonsi como vogal representante da Administración Xeral do Estado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3758

Dáse conta de publicación no BOPPO de 10 de outubro de 2023 de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de aprobación da prórroga da subvención da Deputación de Pontevedra para reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos Concellos da Provincia de Pontevedra no ano 2022, ata o 15 de febreiro de 2024.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3759

Dáse conta de publicación no DOG nº 191, do 6 de outubro de 2023, da Orde de 27 de setembro de 2023 da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2024:

- 7 de xaneiro
- 28 de marzo
- 30 de xuño
- 12 de outubro
- 1 de decembro
- 6 de decembro
- 8 de decembro
- 15 de decembro
- 22 de decembro
- 29 de decembro

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3760

Dáse conta de Sentenza 202/2023 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra

de inadmisión do recurso presentado pola Fundación española de Abogados Cristianos contra o Concello de Vilagarcía de Arousa con motivo da retirada da cruz da fachada da Igrexa de Santa Eulalia e impón á parte demandante as costas procesais, por importe de 700,00 €, sin incluír impostos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3744

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Contruser Cesar Paz SL para o subministro de material e man de obra para o acondicionamento da cuberta do Centro Cultural de Renza, por un importe total de 3.309,35 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3745

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Contruser Cesar Paz SL para o subministro de material e man de obra para as obras de demolición e instalación dun novo forxado ao río no CEIP A LLomba, de 3,50 x 2,50 m., por un importe total de 3.690,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Fáise constar que se fose necesario ampliar a demolición, esta non estaría incluída o orzamento aprobado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3776

Dáse conta de solicitude de Dona Ana María Granja Guillán de autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia coa instalación dunha carpa, unha mesa e catro cadeiras, o día 14 de outubro de 2023, en horario de 11:00 a 13:30 horas para recollida de alimentos para unha ONG.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3816

Dáse conta do escrito presentado por Comunidade de Propietarios Centro Comercial Arousa solicitando unha zona de carga e descarga na Rúa López Cuevillas, fronte ao Centro Comercial Arousa, en horarios de 7 a 12 e de 15 a 18 horas, é dicir nos horarios establecidos na vixente ordenanza municipal.

A autorización solicitada suporía a perda de 7 prazas de estacionamento libre nos horarios reservados..

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e que se proceda á sinalización dunha zona de reserva de carga e descarga na Rúa López Cuevillas, así como a colocación de Sinal S-17 "estacionamento" acompañado de placa adicional co texto reservado a carga e descarga, indicando o horario e días de semana.

A sinalización horizontal consistirá nunha caixa coa lenda "reserva carga e descarga" no seu interior, e tramos discontinuos no boerdo ou xunto a este, de cor a marela que indica que existe unha limitación temporal. Fóra do horario o espazo poderá ser empregado por vehículos non autorizados á carga e descarga.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/3911

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Santamaría Valle, en representación de MALPARIDOS SL, solicitando autorización para celebración dunha sesión vermú no espazo que ocupa a terraza do local A Malquerida, na Avda. da Mariña (Alameda), coa colocación dunha

mesa con pinchos e bebidas, con motivo da celebración do décimo aniversario do citado establecemento.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para colocación da mesa solicitada no espazo da terraza do citado local, o día 29 de outubro de 2023, no horario de 12:30 a 16:00 horas.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/3669

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por CLECE SA para a limpeza das instalacións do Obradoiro de Emprego, na Rúa Agustín Romero nº 52, do 10 de outubro de 2023 ao 31 de decembro de 2023, por un importe de 529,91 € mensuais (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3764

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego Labora Xove 2023, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Serviocio SL, para a contratación do alugueiro de dúas rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do alumnado da especialidade "Socorrismo en instalacións acuáticas e Socorrismo en espazos acuáticos naturais", do 17 de outubro ao 22 de decembro de 2023, por un importe total de 2.098,52 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3765

O Concello de Vilagarcía solicitou subvención no marco da orde de 13 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos.

O 4 de agosto de 2023, foille notificada resolución de concesión da axuda solicitada por contía 57.703,64 euros para o ano 2023, dentro da liña 1 da convocatoria.

Entre as actuacións obxecto de solicitude de subvención, atópase a Instalación estrutura metálica nos postos de venda, por unha contía de 22.835,12 Euros (IVE INCLUÍDO)

Con posterioridade solicitouse á Consellería de Industria e Comercio a modificación da resolución inicial de concesión de axuda e autorización para o cambio do gasto inicialmente previsto e concedido (instalación de telladiños nos postos de venda imitando madeira), polo gasto correspondente á instalación de cableado para adaptación da conectividade no edificio da praza, cun orzamento de 17.632,12 €.

En data 9 de outubro de 2023, notificouse pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo, proposta de resolución pola que se acorda a modificación da resolución de concesión da axuda, nos termos solicitados polo concello, polo que a actuación a realizar no marco da devandita orde, en substitución da inicialmente autorizada, é a "Instalación para ampliación de toma de datos na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por contía de 17.632,12 € (ive incluído), coa conseguinte diminución da aportación municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3786

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste SL (STIN SL) as obras de adaptación das instalacións de telefonía para migrar as redes de cobre a redes de fibra na Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 17.632,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 4312.62300, no marco da Orde de 13 de abril de 2023 pola que se pola que se establecen as subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e para a dinamización e revitalización das Prazas de Abastos.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

MERCADOS

PRP2023/3761

Dáse conta de escrito presentado por D. Ahmed Amir Farrouq solicitando autorización para estacionar o seu vehículo detrás do seu posto, no mercado semanal, co carácter de provisional.

Dáse conta de informe do Servizo de Mercados. A Xunta de Goberno Local acorda conceder con carácter excepcional, durante o tempo que duren as obras de instalación dos tanques de tormenta, que se están levando a cabo actualmente, autorización para estacionar o vehículo detrás do seu posto do mercado, comprometendose o vendedor autorizado a gardar aliñación cos demais postos instalados nestas zonas, por ter espazo suficiente.

PRP2023/3762

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rosa Ana Pouso Rey en representación de Vendedoras Ambulantes de Flores- Vilagarcía, en relación coa instalación dunha carpa para venda de flores os días 28, 29 e 30, 31 de outubro e 1 de novembro con motivo da celebración da festividade de Tódolos Santos.

Vistos os informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a instalación da carpa solicitada destinada as vendedoras con concesión de posto de flores no mercadillo, ás vendedoras campesiñas de flor de colleita propia da praza de abastos, así como ás floristas da praza de abastos que contan coa documentación pertinente para exercer este tipo de venda.

Deberán ter instalada a carpa dous días antes destas datas, para que os servizos municipais teñan tempo para facer a decoración e instalación de luz da mesma. Así como se reubicará aos vendedores ambulantes instalados nesta zona.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/3725

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por BAYGAR SL para o subministro de dúas porterías de fútbol sala en aluminio para o Parque de O Piñeiriño, por un importe total de 2.208,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.61900.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3737

O día 24 de setembro de 2023 a CMMVVMC N 3000 Bamio presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos

montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2023.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVVMC N 3000 Bamio entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Roza mecanizada en marxe de camiños: realizarase a roza en 9 km de faixas auxiliares de pistas (nas dúas marxes) mediante rozadoira de brazo acoplada ao tractor de rodas.
- Cartel publicitario.

A primeira das actuacións solicitadas pode ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

O cartel publicitario é obrigatorio colocalo segundo a base 6, mais non está incluída como actuación subvencionable segundo a base 1.4

A solicitude de axuda ascende a 7.590,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC individualmente sen que estea integrada en ningunha Mancomunidade de MVMC, un máximo de 7.200 euros.

Tendo en conta o regulado nesta base a cantidade máxima que se lle podería subvencionar á CMMVVMC de Bamio serían 7.200 €, posto que non xustifica a súa pertenza a ningunha Mancomunidade de montes.

Considerando que a actuación solicitada de roza mecanizada que ascende a 7.470 € está incluída dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a concesión de 7.200,00 € (cantidade máxima para as CMVMC que non pertencen a ningunha Mancomunidade, como é este caso), con cargo á partida 1720.489, á CMMVVMC N 3000 Bamio con CIF V 36116168 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

TURISMO

PRP2023/3778

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato menor de obra para levar a cabo a "Instalación dun sendeiro de pasos á Cruz de Xiabre", dentro do marco da Resolución, de 14 de marzo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva das subvencións a Concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU, cun orzamento base de licitación de 34.200,00 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 7.182,00 € (21%), dando un orzamento base de licitación de 41.382,00 €.

Dáse conta das ofertas solicitadas:

- INICIACTIVA IDEAS EN ACCION S.L. C.I.F: B-32448888

A empresa presenta un orzamento de 34.190,00€ mais IVE (41.369,90€ IVE incluído).

- ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL S.L.C.I.F: B-36905156

A empresa presenta un orzamento de 33.999,00€ mais IVE (41.138,79€ IVE incluído).

- NATURGALIA S.L. C.I.F: B-36905156

A empresa non presentou ningunha proposta nin oferta económica.

Unha vez aplicados os criterios evaluables que se trasladaron ás empresas, o resultado é o seguinte:

EMPRESA	PREZO (SEN IVE)	PUNTUAC. PREZO	PUNTUAC. REDUCCIÓN PRAZO	PUNTUAC. TÉCNICA	MEMORIA	TOTAL
---------	-----------------	----------------	--------------------------	------------------	---------	-------

INICIACTIVA IDEAS EN ACCION S.L. NIF B32448888	34.190,00€	2,50	0,00	0,00	2,50
ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL S.L. NIF B36905156	33.999,00€	50,00	0,00	30,00	80,00

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e a adxudicación do presente contrato á empresa ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL S.L., C.I.F: B36905156 y domiciliada en Rúa Tercio de Afora nº9,36204 Vigo (Pontevedra), por importe de 33.999,00€ mais IVA (41.138,79€ IVA incluído), con cargo á partida 432.60900.

PRP2023/3779

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato menor do servizo para levar a cabo a "Creación de Plataforma de Contidos Dixitais para o Museo do Ferrocarril de Vilagarcía de Aroua, dentro do marco da Resolución, de 14 de marzo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia non competitiva das subvencións a Concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NEXTGENERATIONEU, cun orzamento base de licitación de 12.392,56 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE de 2.602,44 € (21%), dando un orzamento base de licitación de 14.995,00 €.

Dáse conta das ofertas solicitadas:

- TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO S.L. C.I.F: B70133467

A empresa presenta un orzamento de 12.382,00 € mais IVE (14.982,22 € IVE incluído)

- DESARROLLO Y GESTIÓN DE LA CULTURA DEL ENTORNO, S.L.C.I.F: B70092879

A empresa presenta un orzamento de 12.392,56 € mais IVE (14.995,00 € IVE incluído)

- CONSULTORES TURÍSTICOS GALICIA, S.L.C.I.F: B09614967

A empresa presenta un orzamento de 12.342,56 € mais IVE (14.934,50€ IVE incluído)

Unha vez aplicados os criterios evaluables que se trasladaron ás empresas, o resultado é o seguinte:

EMPRESA	PREZO (SEN IVE)	PUNTUAC. PREZO	PUNTUAC. TÉCNICA	MEMORIA	TOTAL
TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO S.L. C.I.F: B70133467	12.382,00 €	10.56	35.00		45.56
DESARROLLO Y GESTIÓN DE LA CULTURA DEL ENTORNO, S.L. C.I.F: B70092879	12.392,56 €	0.00	0.00		0.00
CONSULTORES TURÍSTICOS GALICIA, S.L. C.I.F: B09614967	12.342,56 €	50.00	50.00		100.00

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto e a adxudicación do presente contrato á empresa CONSULTORES TURÍSTICOS GALICIA, S.L.C.I.F: B09614967 e domiciliada en Rúa Doctor Fleming 28-Baixo, 15005-A Coruña, por importe de 12.342,56 € mais IVE (14.934,50 € IVE incluído), con cargo á partida 432.64000.

CULTURA

PRP2023/3768

Dáse conta do Convenio para a concesión directa de subvención pública a Asociación Cultural Musical Sociedad Filarmónica de Vilagarcía, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 334.489, que ten por obxecto subvencionar a realización dun concerto de música titulado: Gala Lírica, o vindeiro sábado 21 de outubro de 2023 no Auditorio Municipal, con entrada libre e gratuíta ata completar o aforo da instalación.

Comunicaselle que deberá acreditar estar ao corrente das obrigas tributarias, aos efectos do aboamento da subvención concedida.

CONTRATACIÓN

PRP2023/3678

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 30 de xaneiro de 2023 aprobouse o proxecto técnico denominado “Urbanización da rúa Ameixeiras”, redactado polo arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de execución por contrata (IVE engadido) de 75.798,64€. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 6 de marzo de 2023, acordou aprobar o proxecto técnico corrixido, redactado polo citado arquitecto, sen variación no orzamento de execución por contrata.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de setembro de 2023, adxudicouse á empresa GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.U., o contrato de obras denominado “Urbanización da rúa Ameixeiras”, por un importe de (IVE engadido) 72.425,60€.

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda nomear ao Arquitecto Municipal, D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, como Director de obra do investimento denominado CT 02/2022-e “Urbanización Rúa Ameixeiras”.

PRP2023/3716

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2023, aprobou o proxecto denominado “Mellora de accesibilidade ao Centro de Formación de Matosinhos”, redactado pola arquitecta Carolina Couselo Fariña, por importe (IVE engadido) de 255.614,80 €.

Coa data de 9 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local adxudicou o contrato de obra de referencia á mercantil MONCOSA OHS S.A., con N.I.F. A-15050958, por un importe de 237.977,38 € (IVA engadido).

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado Dirección de Obra do investimento denominado “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO CENTRO DE FORMACIÓN DE MATOSINHOS”, a Carolina Couselo Fariña con NIF 76863606K, por un Importe total de 4.356,00 € (IVE engadido) segundo o orzamento que presenta e con cargo á partida 241.6220017.

PRP2023/3724

Dáse conta da concesión administrativa de ADIF Alta Velocidad autorizando a este Concello a ocupación do dominio público ferroviario necesario para a realización das obras de Mellora e Acondicionamento de Acceso ao entorno de Trabanca Sardiñeira entre os PP.KK 1/168 e 1/267 da liña 818 Vilagarcía de Arousa - Bif. Angueira.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/3771

De conformidade coa Operación de Xestión da EDUSI Vilagarcía Avanza, en relación á Redacción do INFORME SOCIOECONOMICO para a posta en marcha das Actuacións contempladas no Obxectivo Temático 9: Inclusión social e Loita contra a pobreza, na EDUSI “VILAGARCÍA AVANZA”, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUBMINISTRO/SERVIZO
RENT A BRAIN CONSULTORES	2023 27 REG 2023/6841	17.545,00 €	150-2270617 AD 23/5548	Redacción de informe socioeconómico para a posta en marcha das actuacións contempladas no obxectivo temático 9: Inclusión social e Loita contra a pobreza, na EDUSI “Vilagarcía Avanza”

PRP2023/3772

Visto o expediente de gasto INT/2023/451 integrado pola relación de xustificantes F/2023/103 por importe de 138.429,13€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Imputar o gasto do exercicio 2022 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente para as facturas con rexistro Nº 2023/5413, 2023/5415 e 2023/5418, incluídas na relación Nº F/2023/103 por importe total de 104,80€

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/	FVA- 016929	31/05/2	19,76	132	22199	MENSALNES	Albarán 03302A065269 (LABORATORIO) /

2023/5413		022				S.L.	Seguro transporte (LABORATORIO)
F/2023/5415	FVA- 017687	31/08/2022	44,65	132	22199	MENSALNES S.L.	Albarán 03302A073194 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A073200 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A
F/2023/5418	FVA -017827	30/09/2022	40,39	132	22199	MENSALNES S.L.	Albarán 03302A075994 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A076166 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A
		TOTAL	104,80				

SEGUNDO: O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/103 por importe de 138.429,13€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
F/2023/5413	FVA- 016929	31/05/2022	19,76	132	22199	MENSALNES S.L.	Albarán 03302A065269 (LABORATORIO) / Seguro transporte (LABORATORIO)
F/2023/5415	FVA- 017687	31/08/2022	44,65	132	22199	MENSALNES S.L.	Albarán 03302A073194 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A073200 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A
F/2023/5418	FVA -017827	30/09/2022	40,39	132	22199	MENSALNES S.L.	Albarán 03302A075994 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A076166 (SEGURIDADE E ORDE PUBLICO) / Albarán 03302A
F/2023/6250	02148000021423F	31/08/2023	4.639,07	1722	22700	CLECE, S.A.	limpieza de los baños de las playas de Vilagarcía, en el período comprendido entre el 1 de agosto y 31 de agosto 2023 co
F/2023/6251	2023- 1256	04/09/2023	1.583,08	150	22706	CALIXTO ESCARIZ, S.L.U.	HONORARIOS (Asistencia jurídica en materia de urbanismo al ayuntamiento de Villagarcía de Arosa correspondiente al mes
F/2023/6264	Emit- 1003355	31/08/2023	19,65	160	210	E. M. RODRIGUEZ BARREIRO, SL	MALLAZO NEG. 6000X2200X30X20X5
F/2023/6274	Emitida- 82	05/09/2023	108,90	134	22699	INSTITUTO TECNOLÓGICO DE CASTILLA Y LEON	Suministro de material arreglo bicicletas deterioradas y recambio de VaiBike - 25 Uds Chip lbutton
F/2023/6427	GLFA2302219	31/08/2023	193,40	2311	22110	SRCL CONSENUR, S.L.U.	TRBiosanitarioBiotrex60N (Surcursal 001:SPAD - GUMERSINDO NARTALLO 9,36600 VILAGARCÍA DE AROUSA) / SUContenedorBiotrex
F/2023/6472	D01 8983	06/09/2023	4.316,68	135	22104	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	BUZO IGNIFUGO FORESTAL LUME 2 / BOTA EXTINCION TOP GTX FTX600GTX 594503 FAL / CASCO F2 XTREM FOTOLUM/GR GA3130000000-VFB
F/2023/6478	Emit- 500	31/08/2023	106,18	164	22199	INTERMACO, S.L.	BOTE ESPUMA PIL. 60 S (Nº ALBARAN 2745 RESPONSABLE DE COMPRAS JUAN J. EXPOSITO)
F/2023/6486	P 230368	08/09/2023	1.315,00	135	22799	IDDUN CONSULTING AROUSA, S.L.	CURSO BRIGADAS FORESTAIS DEFENSA DE INCENDIOS. FECHA IMPARTICION 01/08/2023 AL 02/08/2023. ACUERDO GOBIERNO PRP2023/2844
F/2023/6488	1230900077	07/09/2023	800,55	165	22199	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	JUEGO DE 10 BROCAS IMPACT TORSION TITANIUM / BROCA CONICA PARA METAL EXTREME IMPACT Ø 4 - 12MM / BROCA CONICA PARA METAL
F/	401230345	08/09/	1.618,74	165	213	DIGAMEL AROUSA,	TRANSF.WRU-25RA 25d. 0,03...3

2023/64 90		2023				S.L.U.	P24211TRANSF.WRU-25RA 25d. 0,03...3 P24211 / TRANSF.WRU-25RA 25d. 0,03...3 P24211TRANSF.WR
F/ 2023/65 06	SAD 23970711	11/09/ 2023	76.895,68	231	22725	ARALIA SERVICIOS SOCIOANITARIOS, S.A.	SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE DEPENDENCIA EN DOMINGOS Y FESTIVOS DURANTE EL M
F/ 2023/65 07	SAD 23970710	11/09/ 2023	5.923,84	231	22725	ARALIA SERVICIOS SOCIOANITARIOS, S.A.	SERVICIO DE AYUDA A DOMICILIO EN VILAGARCIA DE AROUSA EN LA MODALIDAD DE LIBRE CONCURRENCIA DURANTE EL MES DE AGOSTO
F/ 2023/65 09	A 230537	11/09/ 2023	210,06	926	22000	SKETCH SYSTEM, S.L.	COPIA COLOR A3 KONICA MINOLTA C658 / COPIA B/N A3 KONICA MINOLTA C658 / COMMENT COPIAS REALIZADAS ENTRE EL 22/07/23 Y EL
F/ 2023/65 10	A 230553	11/09/ 2023	680,02	926	22000	SKETCH SYSTEM, S.L.	COMMENT Pedido nº A - 322 de fecha 07/09/2023 / COMMENT TL2023 / 339 / MAGNA ECO ROLL UP 1,067MX30MX210GR / MAGNA ECO R
F/ 2023/65 17	623-36- 2023	30/06/ 2023	720,00	320	223	EMPRESA PEREIRA, S.L.	12/06/2023 Servicio de dos autocares desde el Ceip Arealonga y Ceip Piñeirño con destino al parque Miguel Hernandez, es
F/ 2023/65 19	V2301020	31/08/ 2023	80,03	311	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 5434HHW) / GASOLEO A (Matricula: 5434HHW)
F/ 2023/65 20	V2301018	31/08/ 2023	1.201,99	135	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 4677JJJ) / GASOLEO A (Matricula: 1596JHR) / GASOLEO A (Matricula: 4634LWV) / GASOLEO A (Mat
F/ 2023/65 37	4050911506	31/07/ 2023	6,62	160	213	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	RACOR-MACHO-S2000-ROSCA-EXT-1/4
F/ 2023/65 39	4050338997	17/04/ 2023	489,03	165	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	GUANTES TIGERFLEX PLUS T9 / GUANTES TIGERFLEX PLUS T8 / MORTERO ELASTICO PARA SELLADO DE JUNTAS / MS-SPEEDTACK 3400 G
F/ 2023/65 43	Emit- 505	31/08/ 2023	144,95	160	210	INTERMACO, S.L.	BOLSA CEMENTO RAPIDO 10 kg (ORDE DE COMPRA 15363 RESPONSABLE DE COMPRAS ADRIAN VILAS) / CAJA 10 DISCO 115 (ORDE DE CO
F/ 2023/65 45	1230900127	12/09/ 2023	822,79	160	213	GRUPO ELECTRO STOCKS,S.L.U.	HERMES LC-2+ANTENA+CABLE USB / MEDIDOR LASER DE BOLSILLO CON ALCANCE 16M. SOLO DISTANCIAS / NIVEL TORPEDO 230MM.AGUJEROS
F/ 2023/65 81	1230445108	05/09/ 2023	540,92	3261	22609	SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE	0003468851 AUDITORIO DE VILAGARCIA MARIÑA (DA) S/N , VILAGARCIA 36600 SINFONICOS CUARTETO QUIROGA 30/06/2023 MODALIDAD T
F/ 2023/65 82	1230445109	05/09/ 2023	291,14	3261	22609	SOC. GRAL. AUTORES Y EDITORE	0003667220 PAZO DA GOLPELEIRA LOPEZ BALLESTEROS A TORRE 20 , VILAGARCIA 36600 SINFONICOS AZAHAR ENSEMBLE 28/06/2023 MOD
F/ 2023/65 85	A 1571	14/09/ 2023	63,40	164	22199	SEGURLAIN 2020, S.L.	CEMENTERIOS / Guante poliamida baño nitrilo 623 / Guante Ultra Liquid
F/ 2023/65 98	F06000R-50161	15/09/ 2023	94,26	165	22199	SONEPAR IBERICA SPAIN S.A.U.	C. SUPER ADHESIVA 24MM 8M NEGRO / AMARI (Obra: 165 / CUADRO MIRANAR) / CINTA FLEXIBLE 12MM 8M NEGRO / BLANCO (Obra: 1

F/ 2023/65 99	2023/23 000988	14/09/ 2023	1.160,00	164	22103	GASOCENTRO CALDAS, S.L.	GASOLEO C (PUNTO DE SUMINISTRO: CEMENTERIO CEMENTERIO 36600 VILLAGARCIA DE AROUSA PONTEVEDRA II.EE. incluidos e
F/ 2023/66 20	001234482	15/09/ 2023	189,30	165	213	DIGAMEL AROUSA, S.L.U.	CLAV.XTRA 13520 IP54 13520 32A 5P 4CLAV.XTRA 13520 IP54 13520 32A 5P 4 / BASE 3 TOMAS BIP.16A 250V BL.C/OBT.BASE 3 TOMAS
F/ 2023/66 25	V2301011	31/08/ 2023	549,21	165	22103	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	GASOLEO A (Matricula: 1128HCM) / GASOLEO A (Matricula: 8511BGT) / GASOLEO A (Matricula: 3573KMN) / GASOLEO A (Mat
F/ 2023/66 30	2023F0002053	31/08/ 2023	517,88	338	22602	FARO DE VIGO, S.A.	Campaña / Anuncio: CONCELLO VILLAGARCIA AROUSA SAN ROQUE 2023 - Soporte: FarodeVigo.es - Seccion - Producto: SEC-Publrre
F/ 2023/66 33	2023- 743	18/09/ 2023	382,36	926	22000	INKROMATIC SOLUCIONES PROFESIONALES DE IMPRESIÓN, S.L.	JUEGO DE TINTAS (Dpto.comunicacion/Manuel Villaronga)
F/ 2023/66 34	Emit-23 296	18/09/ 2023	7.281,78	135	213	GALICOM COMUNICACIONES, S.L.	Equipos Radiocomunicaciones Servicio de Emergencias Concello de Vilagarcía / DP3661 Portátil digital UHF 1000 canales,
F/ 2023/67 07	Emit- 107	08/09/ 2023	392,33	311	214	TALLERES CONDE QUINTAS, S.L.	FILTRO COMBUSTIBLE (NEMO 5434HHW- SERVICIO PROTECCION SALUBRIDADE PUBLICA) / FILTRO DE AIRE / UNIDAD DE DOSIFICACIÓN /
F/ 2023/67 28	2023	12/09/ 2023	1.452,00	926	22602	JUEGUEN GARCIA, PABLO	XESTIÓN, MANTEMENTO E CREACIÓN DE CONTIDOS RRSS- AGOSTO 2023
F/ 2023/67 29	Emit- 3879	20/09/ 2023	2.930,62	135	214	BULL FUEGO, S.L.	Válvula de giro Metz (Wegaufnehmer mit stecker fur PLC3) / Portes de envío desde Alemania / PRP2023/3135. Suministro de
F/ 2023/68 04	202306576	15/09/ 2023	33,80	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	PALETINA TRIPLE C/PURA M/ESMALT.BUTANO Nº18 / CIEN TACO SX PLUS 6X30 / retirado por XAVIER SAXO / modulo b / EMULTONE BL
F/ 2023/68 05	202306577	15/09/ 2023	82,17	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	ASA 160MM INOX MATE / CEYS SELLADOR MADERA TEKA CART 9U / CIEN TORNILLO 4.0X70 H.F.C/P BICRO / CIEN TORNILLO 4.0X40 H.F.
F/ 2023/68 06	202306581	15/09/ 2023	48,00	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	MT. LIJA TELA C-230 120X50000 P100 / javier modulo b / EMPLASTE CERA ZIUR 70GR PINO / SELLACEYS MADERA NOGAL CART6 9u /
F/ 2023/68 08	202306559	13/09/ 2023	39,00	2311	22199	CASTROMAN I, S.L.	ESTACIONADOR CANINO KEEPET 120X150 / RETIRADO POR BEGOÑA FONTAN
F/ 2023/68 20	202306572	15/09/ 2023	125,09	164	22199	CASTROMAN I, S.L.	DISCO 27X A24-BF 115X6X22,2 STANDARD / PISTOLA APLICADORA PARA ESPUMA DE POLIURETANO HIGH / RETIRA ROGELIO GOMEZ CESAR /
F/ 2023/68 33	Emit- 240	25/09/ 2023	12.100,00	926	22699	PLAY PLAN CULTURAL. S.L.U.	Participación de TANXUGUEIRAS no acto dos Fondos Europeos en Vilagarcía de Arousa o 22 de setembro de 2023. Partida pres
F/ 2023/69 81	000046/2023	22/09/ 2023	40,00	2311	22106	GARCIA RODRIGUEZ, Mª TRINIDAD	SOLUCIÓN DE METADONA AL 1% 1 LITRO
F/ 2023/71 55	11/23	30/09/ 2023	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, Mª PURIFICACION	HONORARIOS DEL MES DE SEPTIEMBRE 2023 POR SERVICIOS PRESTADOS POLA LETRADA MARÍA PURIFICACIÓN

							PÉREZ PADRÓN
F/ 2023/71 56	2023/34	03/10/ 2023	1.573,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS DO MES DE SEPTEMBRO POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS ASISTENCIA TÉCNICA DE ENXEÑERÍA
		TOTAL	138.429,13				

PRP2023/3773

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° TRECE (2023/7300), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/6628), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2022-2-REACP-1-1 por importe de 162.677,94€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o Recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° TRECE (2023/7300), derivada da execución do contrato de obras denominado "REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2023/6628), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado 2022-2-REACP-1-1 por importe de 162.677,94€, coa seguinte desagregación:

REX.	N° de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
7300	TRECE	19/09/2023	162.677,94 €	OBRAS GALLAECIA S.L.	CERT. TRECE. OBRA REFORMA DE LOCAL NA RÚA CASTELAO 7 PARA BIBLIOTECA MUNICIPAL	3321	63200

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.